

**CARLOS ÁLVAREZ FERNÁNDEZ-CID.**  
**QUÍMICA ORGÁNICA, INORGÁNICA E MUSICAL**

**Lección inaugural do Curso 2018-2019 no Instituto de Ensinaza  
Secundaria de Ribadeo ‘Dionisio Gamallo’. 18 de setembro de 2018.**

**Carlos Álvarez Lebreo**

Profesorado, alumnado e traballadores todos do Instituto ‘Dionisio Gamallo’, amigos de Ribadeo.

É un honor para min, profesor de Instituto desde hai 35 anos, ser distinguido para abrir oficialmente este curso académico no magnífico paraninfo do instituto da miña vila natal. Ao fío da serie de homenaxes que Ribadeo está dedicando á figura de meu pai, Carlos Álvarez Fernández-Cid, xa lles digo desde este exordio que vou centrar nel e na súa relación con este centro educativo estas palabras que lles dirixo. Carlos Álvarez Fernández-Cid, músico, farmacéutico e profesor deste Instituto naceu en Santiago de Compostela en 1918. Este é, pois, o ano do seu Centenario. Antes de cumprir un ano xa residía en Ribadeo.

A súa faceta pública máis coñecida, antes que farmacéutico ou profesor, foi a de músico. A música clásica encheu toda a súa vida. Desde Ribadeo, desde este recuncho, daquela tan afastado e tan mal comunicado con todo, viaxou incesantemente para escoitar as mellores óperas e concertos, os mellores cantantes, instrumentistas, concertistas e directores de orquestra do mundo. Fixo amizade e tertulia musical con moitos deles e a súa opinión e criterio musical era respectada en toda España. Pero logo, toda a súa formación e todo o seu saber atesourado viña a volcalo a Ribadeo. E así, con esa vocación pedagóxica que sempre o acompañou, creou e dirixiu en Ribadeo corais polifónicas e orquestras de cámara durante cincuenta anos. E nelas impuxo o seu criterio; é dicir, a dedicación á música clásica, que mesmo trasladou aos

repertorios doutras formacións como a súa Rondalla ou a Banda de música de Ribadeo cando temporalmente tivo que dirixila.

En realidade Carlos Álvarez Fernández-Cid non fixo outra cousa durante 50 anos que educar musicalmente os ribadenses. Mediados os anos 40, e unha vez decidido que o que quere profesionalmente é instalarse como farmacéutico en Ribadeo, Fernández-Cid é consciente de que posúe dúas características que lle van permitir levar adiante nesta vila os seus proxectos musicais. Unha é o seu enorme talento e formación musical, que xa tiña acreditados desde que dirixía coros e era organista na igrexa parroquial de Santa María con tan só 16 anos; ou desde que deslumbrara no conservatorio de Madrid presentándose por libre a examinarse de toda a carreira de piano en tan só dúas convocatorias: a de todos os cursos do elemental e a do superior, obtendo sempre a cualificación de Sobresaliente e Diploma de Primeira clase. A outra característica era querer traballar pola música en Ribadeo.

Ningunha destas dúas características sería estraña por si soa, pero o que fai singular a Fernández-Cid é que na mesma persoa se desen as dúas simultaneamente: é dicir, ter ese talento musical e poñelo ao servizo de Ribadeo. Porque a mediados dos anos 40 Fernández-Cid xa dera concertos de piano con algúns brillantes violinistas novos, que pronto serían dos mellores intérpretes de España, aínda que el optase por non seguir ese camiño de intérprete profesional. Este hábito, o de tocar xunto aos mellores músicos, mantívoo durante toda a súa vida pero no ámbito privado, convidándoos nos veráns a pasar estancias na súa casa de Ribadeo para poder tocar xuntos, nos anos 60, 70 e primeiros 80.

Esta conxunción de formación, talento e traballo a prol de Ribadeo concretouse niso que denominei antes a educación musical dos ribadenses. E esta educación musical deuse en dous planos. Primeiramente formando coros e orquestras a cuxos membros levou a coñecer, ensaiar e interpretar as mellores páxinas da polifonía clásica e da música orquestral de cámara. E en segundo lugar, interpretando eses repertorios durante décadas ante un público en Ribadeo que nunca antes tivera a ocasión de escoitar eses repertorios de calidade así, en directo e por intérpretes ribadenses. Neste sentido a súa creación máis duradeira é a Coral Polifónica de Ribadeo, fundada por el en 1955 e que hoxe continúa sendo un orgullo musical para Ribadeo.

Tense referido Fernández-Cid algunha vez a ese seu interese especial por educar na música clásica os seus instrumentistas e os seus cantores da Polifónica, ao seu empeño en convencelos da importancia de interpretar repertorios cada vez máis ambiciosos, sobre todo de música clásica, diante de todos os ribadenses. Nunha entrevista que concedeu nos primeiros meses de funcionamento da Polifónica preguntáronlle polo repertorio que impoñía na Coral e respondeu nestes termos:

—Por cierto que, y creo interesante hacerlo constar, se da el caso de que así como en los primeros ensayos los componentes dejaban traslucir su agrado cuando preparaban la parte popular, conocida, más adelante se ha podido observar —con gran satisfacción de mis colaboradores y mía— que cantaban con más entusiasmo la música de los grandes polifonistas: Victoria, Lasso, etc. A ver si esta educación del gusto trasciende al público en general y se entusiasma también y prefiere la parte clásica del programa, sin querer con esto despreciar, ni mucho menos, las obras populares y sin olvidar que en Ribadeo hay mucha gente entendida.

E así se pode explicar que, grazas a este empeño, en Ribadeo a xente teña escoitado interpretar partituras dos mellores polifonistas clásicos e profanos como Tomás de Victoria, Orlando de Lasso, Cristóbal Morales, Palestrina, Mattioli, Haendel, Brahms, Bach ou Beethoven. E que tamén teñan asistido a interpretacións para órgano de compositores como Antonio de Cabezón, Haendel, Bach, César Franck, etc. E finalmente, interpretacións orquestrais, con e sen coro, como foron as misas solemnes de Perosi, Pablo Hernández e César Frank ou fragmentos musicalmente máis complexos do *Mesías* de Haendel. E todo cun rigor interpretativo e unha esixencia —autoesixencia— máximos, pois isto tamén era unha característica do músico Fernández-Cid.

Por iso, por esa educación musical tan consolidada, Ribadeo foi sempre, e segue sendo, sinónimo de calidade e de gusto musical ata o punto de que desde diferentes localidades de Galicia foron reclamados esa Coral Polifónica de Ribadeo e esa orquestra clásica Amigos de la Música, dirixidos por Fernández-Cid, para engalanar musicalmente diferentes celebracións.

Un capítulo á parte é o da música das bandas. Esta nunca foi do seu gusto. É lóxico: nelas os clarinetes e outros instrumentos de vento deben substituír as sutilezas

dos violíns, violas, violonchelos e contrabaixos. Pero aínda así, defendeu sempre a necesidade de que Ribadeo contase cunha Academia ou Escola de Música e cunha Banda. A Escola —dicía— serve para aprender, para formarse na lectura dos pentagramas e para achegarse ao coñecemento dun instrumento. O funcionamento dunha Banda supón para calquera neno ou mozo, nena ou moza, disciplina e as súas primeiras prácticas instrumentais diante dun público. Mesmo a Rondalla que el dirixía e sacaba a pasear polos veráns servía para a práctica musical. Así que, como se ve, toda a vida de Carlos Álvarez Fernández-Cid xirou en torno á música; el fixo súas aquelas palabras de Sancho á duquesa cazadora da 2ª parte do *Quijote*: “Señora, donde hay música no puede haber cosa mala”.

Teño que insistir en que o que fai del unha figura singular e irreplicable é que, sendo un músico de talento, concertista de piano desde os viente e poucos anos, musicólogo, viaxeiro e cosmopolita, decidise volcar todo o seu saber en Ribadeo e en educar musicalmente os ribadenses. Mercou centos de partituras ao longo da súa vida para os seus músicos da Coral, da Rondalla, da Orquestra clásica, da Banda (cando o reclamaron para o seu rescate) e para interpretar no órgano da igrexa parroquial. E mellorou a calidade interpretativa das decenas de cantores e instrumentistas que seguiron durante décadas o ritmo da súa batuta. Como xa dixen, só se reservaba para el uns cantos días do verán, nos que recibía os mellores violinistas de España para tocar, con el ao piano, no salón da súa casa. O resto do ano a súa música era por Ribadeo e para Ribadeo.

Pero todo isto xa é sabido, xa está escrito e comentado con detalle en diferentes artigos e libros, que mesmo se poden consultar na biblioteca deste instituto. O máis recente, o libro titulado *Carlos Álvarez Fernández-Cid, músico* que se publicará neste outono de 2018 dentro das iniciativas e homenaxes que este ano lembran o seu Centenario. A estas obras remito a quen teña máis curiosidade por estes aspectos, pois agora non quero afastarme da natureza esencialmente educativa que creo que debe ter este acto.

Este Instituto no que agora estamos remítese en primeira instancia á creación en 1928 do Instituto Local de Segunda Enseñanza (que así se denominaba oficialmente) de Ribadeo. Comezou a funcionar no edificio que hoxe é Biblioteca municipal e que

antes fora, entre outras cousas, Escola Oficial de Náutica. Xa daquela o concello quería que para instituto se levantase un edificio novo aquí, no Xardín, é dicir, na zona na que se empraiza este no que agora estamos. Non había recursos para tanto, a pesar de que o filántropo indiano Juan Moreno Ulloa (o do edificio do Cantón dos Moreno) achegou 150.000 pesetas que finalmente serviron para acondicionar a casona antiga e para mercar o primeiro material didáctico do Instituto. Permitídemme unhas poucas notas de historia local relativas aos inicios do ensino secundario en Ribadeo, dos que este magnífico Instituto é o último expoñente. Porque, á fin e ao cabo, todos somos herdeiros do que nos precedeu.

A creación en 1928 dun Instituto de Bacharelato en Ribadeo, aprobada en Consello de Ministros de agosto dese ano, foi posible grazas ao apoio decidido ante o Ministerio de dúas importantes personalidades, fillos da ribadense Elisa Sotelo: o letrado do Consejo de Estado, Leopoldo Calvo Sotelo (pai do que logo foi presidente do Goberno de España nos anos 80) e o seu irmán José, daquela Ministro de Hacienda. Ribadeo agradecéullelo nomeando a ambos “Fillos Adoptivos de Ribadeo”. Por certo, ambos irmáns eran tíos segundos de Carlos Álvarez Fernández-Cid, por seren primos da nai. Desde 1897 xa funcionaba un Instituto en Lugo capital, pero non houbo outro na provincia ata que en 1932 se creou o de Monforte de Lemos.

O inicio do curso do instituto de Ribadeo tivo lugar oficialmente, nun acto solemne, o día 20 de outubro. O que darían hoxe profesorado e alumnado por alongar as vacacións de verán ata esas datas...! E, xa que estamos con datos administrativos, engadirei algúns máis. En 1935 o Instituto Local de Ribadeo pasa a ser Instituto Nacional. En 1937, en plena guerra civil, tal e como lles sucedeu a case todos os institutos de segunda ensinanza que non eran de capital de provincia, foi clausurado “transitoriamente”; isto afectou tamén ao de Monforte. En Ribadeo o profesor Ramón Fernández de Soto converteuse no dinamizador dun novo centro privado e así nace nese mesmo ano de 1937 o Colexio de Ensinanza Media Santo Tomás, que se instala no mesmo edificio que o clausurado instituto. En outubro de 1939 o Ministerio de Educación restableceu en España 23 institutos de secundaria pero, a pesar de ser solicitado, a reapertura non contemplou o de Ribadeo.

A historia recente deste Instituto xa é máis coñecida. En 1951, por iniciativa da Deputación Provincial, proxéctase un Instituto Técnico para Ribadeo. Finalmente é o Ministerio quen o crea e así se inaugura oficialmente o 15 de decembro de 1955, no edificio coñecido como a Casa do Óptico (hoxe Escola de Idiomas), mentres se levanta este novo edificio no que estamos, que se inaugurou oficialmente en setembro de 1958. En 1969 o Instituto Técnico pasou a ser Instituto Nacional de Ensinanza Media, xa con titulacións en Ciencias e en Letras.

Pero volvamos a Carlos Álvarez Fernández-Cid. Fixen esta pequena excursión polas orixes do Instituto de Ribadeo para lembrar que os nenos nados en 1918, coma el, cumprían en 1928 os 10 anos, a idade de comezar o bacharelato. Estes nenos e nenas tiveron a fortuna de poder cursalo no recién creado Instituto. O citado peche do Instituto de Ribadeo en 1937 non afectou a Carlos Fernández-Cid porque desde 1934, con 16 anos, el xa estaba estudando a carreira de Farmacia en Santiago. Rematouna en 1940, tras un parón inevitable ao ser obrigatoriamente mobilizado como soldado na guerra civil. Foi adxunto do profesor Aniceto Charro no Departamento de Análises Clínicas pero finalmente optou por regresar a Ribadeo e intentar abrir unha oficina de farmacia, o que logrou en 1951. Nesas estaba cando o Ministerio de Educación comisionou a un destacado ribadense para que puxese en marcha, desde o seu cargo de primeiro director do centro, o citado Instituto Técnico: era Dioniso Gamallo, epónimo que, créanme, contribúe ao prestixio deste centro que leva o seu nome.

Aínda que hoxe poida parecer increíble, á altura de 1955 non había por estas comarcas o suficiente número de licenciados universitarios que o instituto precisaba para a súa docencia. Nos primeiros anos Gamallo tivo que recorrer a titulados equivalentes, e mesmo algo inferiores, e sobre todo apelar a algunhas amizades para poder conformar o claustro do profesorado. Unha das persoas ás que lle pediu que fose profesor no centro foi ao seu amigo de infancia Carlos Álvarez Fernández-Cid, que non se puido negar. Probablemente volveu espertar nel unha antiga e esquecida vocación docente. Fernández-Cid dedicárase na década anterior, anos corenta, a dar gratuitamente clases de perfeccionamento musical na súa propia casa aos alumnos máis avantaxados da Academia e da Banda de Música de Ribadeo. No momento da petición de Gamallo, verán de 1956, Fernández-Cid tiña aberta a súa farmacia na rúa

Reinante 6; exercía de funcionario da Sanidade Pública por oposición como Inspector Farmacéutico Municipal, e fixera no seu día 12 cursos de posgrao das materias Radiactividade, Análises Clínicas e Sanidade pública. O currículo non era malo. E así comezou en outubro de 1956 a impartir clases de Química e de Ciencias Naturais.

A súa docencia durou pouco máis de dez anos. Unha inoportuna enfermidade en decembro de 1966 serviulle de desculpa ao daquela director —que xa non era Gamallo— para non renovarlle o contrato. Porque hai que lembrar que naqueles anos un director —mesmo un receoso titulado con tres anos de carreira— podía caprichosamente contratar e descontratar licenciados, doutores e o que el dispuxese. Completou, pois, Fernández-Cid dez cursos de docencia neste Instituto. Os catro primeiros, 1956-1960, coinciden con Dionisio Gamallo na dirección. No quinquenio de Gamallo como director a actividade cultural no instituto foi incesante, e da parte musical encargouse, loxicamente, Carlos Álvarez Fernández-Cid. **[Foto: Coro de alumnos].**

Xa no seu primeiro curso docente, en maio de 1957, xuntou un coro formado só por alumnos do instituto para intervir nos actos de homenaxe ao poeta El Viejo Pancho. Preparou con eles a *Missa Dominicalis* de Francisco Carrascón, para coro e órgano, que tocou el na igrexa parroquial de Santa María. En outubro repetiron a actuación dentro dos actos de inauguración do curso 1957-58. **[Foto: Partitura autógrafa do *Gaudeamus Igitur*].** Era costume de Fernández-Cid que nas actuacións profanas dos seus coros se rematase co himno universitario *Gaudeamus Igitur*; así o facía a Coral Polifónica de Ribadeo e tamén o coro deste Instituto. Por aqueles anos o patrón do ensino, San Tomé, festexábase o día 7 de marzo pero neste Instituto Técnico, da modalidade Agrícola-Gandeira, tamén se celebraba Santo Isidro o día 15 de maio (e así había un día máis sen clase). Fernández-Cid decidiu participar activa e musicalmente nas dúas celebracións. O día 7 de marzo de 1958 conseguiu que a soprano ovetense Socorro Rodríguez (daquela destinada como profesora no instituto de Tapia de Casariego) cantara con el ao órgano na misa do patrón. Nos anos posteriores volveu a actuar co coro de alumnos, cantando a Misa que xa tiñan preparada.

Ao cabo de sete anos, e para non caer na monotonía, o día 7 de marzo de 1964 estrearon os alumnos do coro masculino do Instituto na igrexa de Ribadeo a Misa de Giovanni Tebaldini, esta vez ante o profesorado e alumnado de todos os centros de ensinanza locais, que xa decidiran unificar a festa dun mesmo patrón para todos: San Tomé de Aquino. Repetiron esta misa dous anos máis. E cando a mediados dos anos sesenta xa se nota a matrícula de alumnas nos primeiros cursos de bacharelato, entón organizou neste Instituto un coro mixto. **[Foto: coro mixto].**

Tiña Fernández-Cid un singular modo de seleccionar as voces dos alumnos para formar parte do seu coro. Contoumo un deles, José Rañón Rodríguez, por entón e aínda hoxe, Pepín Rañón: nos minutos finais dunha clase de Ciencias deixaba de explicar e propoñía cantar unha canción popular e coñecida; cando lograba que toda a aula se sumase ao canto, paseaba por todas as mesas achegando o oído a cada un dos alumnos. Ao rematar a canción e o seu periplo entre as mesas, xa tiña feita a selección de voces. Despois chamábaos para ensaiar e actuar. Algún daqueles nenos acabou formando parte da súa Rondalla ou da súa Coral Polifónica de Ribadeo: un daqueles nenos, Polo González Iglesias, segue hoxe como cantor da Coral. **[Foto: Lista autógrafa de alumnos do coro].**

Simultaneamente á dirección do coro, Fernández-Cid programou a partir do curso 1958-59 unha serie de conferencias, sempre ilustradas con audicións, de temática musical, que contaron co apoio do director Gamallo. Así, disertou no Instituto o catedrático de Composición Musical, Julio Gómez, sobre o tema “Panorama de la zarzuela española” (setembro de 1958). En setembro de 1959 o conferenciante foi o máis prestixioso crítico musical da época e Premio Nacional de Literatura, Antonio Fernández-Cid, primo de Carlos; a súa conferencia versou sobre “La música y el ambiente. Festivales de Europa”. **[Foto: Antonio Fernández-Cid].** Ese día actuou expresamente para o crítico e para o profesorado a Coral Polifónica de Ribadeo, neste magnífico paraninfo, cun programa selecto de polifonía clásica (Tomás de Victoria, Orlando de Lasso, Brahms e Solozábal) que, loxicamente, rematou co himno *Gaudeamus Igitur*. E en 1960 foi o violinista e musicólogo Antonio Rodríguez Mas (pai dos escritores Rodríguez Baixeras) o que disertou sobre “España en la Historia de la música” o día 3 de setembro, e sobre “El impresionismo musical” o día 4, con



frecuentes fragmentos musicais que ilustraban as súas explicacións. Todas estas charlas eran anunciadas na prensa local e a elas acudían moitísimos ribadenses, completamente alleos ao centro. Á semana seguinte tanto *La Comarca* como *Las Riberas del Eo* (daquela había dous semanarios en Ribadeo) incluían amplas reseñas desas conferencias. Aquí temos ao Instituto, pois, como centro difusor de cultura en Ribadeo e ao servizo de todos os ribadenses.

Á parte de organizar e buscar conferenciantes para estas charlas-audición, Fernández-Cid conseguiu en 1959 que os integrantes do prestixioso Curso Internacional de Música en Compostela se achegasen ao Instituto de Ribadeo xunto co seu profesor, o compositor Federico Mompou. Este curso de verán, que se creara o ano anterior en Santiago, reunía por un lado a alumnado de brillante expediente a piques de rematar no conservatorio e, por outro, a intérpretes novos en busca do seu perfeccionamento musical: todos procedentes de diversos países do mundo. Hoxe en día, cun prestixio indiscutible, continúa celebrándose no mes de agosto e é frecuente que músicos que no seu día foron alumnos do curso repitan xa como profesores da súa especialidade musical. Grazas ao empeño de Fernández-Cid, o domingo día 6 de setembro de 1959 actuaron neste paraninfo, entre outros, a que logo sería a mellor arpista española, María Rosa Calvo-Manzano (con só 16 anos daquela); o catedrático de guitarra e considerado sucesor de Andrés Segovia, José Tomás, e o compositor e violinista norteamericano Stanley Weiner, que viña de ser o concertino da Orquestra Sinfónica de Nova York baixo a batuta de Leonard Bernstein e que ía camiño de ser catedrático de violín dos conservatorios de Bruxelas e Hamburgo.

Na crónica de *La Comarca* do día 13 de setembro, asinada por Fernández-Cid, facíanse comentarios sobre estas actuacións e sinalábase que a xente de Ribadeo enchera os asentos desde moito antes do comezo e que a sala resultara pequena para a expectación creada. E iso que, cito literalmente de *La Comarca*, “estábamos en plenas fiestas y había otros espectáculos a la misma hora”.

Finalmente, en 1960, conseguiu que a Tuna Universitaria de Santiago actuase en Ribadeo. El, que fora director da Tuna entre 1943 e 1946 e que a encamiñara a conseguir o 1º Premio de Tunas Españolas en 1945, rescatou a capa e a guitarra e uniuse á formación polas rúas de Ribadeo. Pero tamén lles pediu que actuasen neste

paraninfo e así foi. Igual que no citado caso da Polifónica, hai fotografías da Tuna posando neste escenario. **[Foto: A Tuna de Santiago]**. Por certo, o de rescatar a capa é un dicir, porque durante o inverno Fernández-Cid vestía habitualmente con capa (non de tuno). Mesmo viña a dar as clases a este Instituto, desde a súa casa ou desde a farmacia, coa capa azul e montado en bicicleta: isto fíxoo moi popular entre o alumnado, especialmente cando o habitual rebumbio de vento, aquí diante na intersección dos canapés, lle levantaba a capa á altura dos ombros mentres el seguía pedaleando.

Aínda fóra do Instituto, e de maneira non regrada, Carlos Álvarez Fernández-Cid non deixou de ser docente durante toda a súa vida. A súa vocación pedagóxica impregnaba cada un dos seus actos. Ensinarlles a coristas e instrumentistas a interpretar cada vez mellor foi o motor que o mantivo activo durante 50 anos, dirixindo coros masculinos, femininos e mixtos, e tamén a súa Rondalla e a súa orquestra clásica Amigos de la Música. O premio para o profesor foi sempre, por un lado conquistar repertorios cada vez máis ambiciosos e de calidade (maioritariamente de música clásica), e polo outro lado a educación musical do público e o seu recoñecemento. Os programas de man dos concertos da súa Coral incluían sempre unhas “Notas ao programa” que orientaban e explicaban sinxelamente as pezas polifónicas que o público ía escoitar.

A min persoalmente nunca deixou de ensinarme, por fóra do que xa eu aprendía nas aulas. Música, non, que eu non estou nada dotado para iso. Refírome a todo tipo de saberes. Non coincidimos como profesor e alumno en ningún instituto. Pero síntome un privilexiado por aprender con el decenas de prácticas de Química que me facía durante os veráns na rebotica: a tan coñecida de lograr que suba unha columna de auga, previamente coloreada, polo interior dunha probeta despois de facerlle a esta o vacío prendéndolle unha vela dentro; ou como un case nada de azul de metileno ou de violeta de xanzá poden tinxir de forte coloración un gran cubo de auga; ou como facer un refresco con gas a base de ácido cítrico (ou tartárico, que era máis barato) e un chisco de bicarbonato sódico; ou como comprobar que o mercurio non molla e se divide en infinitas boliñas; ou como destilar alcohol etílico, ou como detectar alcohol metílico (prohibido para a fabricación de licores); como comprobar con ortotolidina o

grao de cloro libre residual na auga da traída pública ou na das piscinas (ese característico olor e sabor a cloro, que son garantía de salubridade); como saponificar ésteres e fabricar un xabón a partir dun anaco de touciño, etc.

Claro que cando el non estaba diante (aproveitando que viaxaba tanto) eu continuaba as prácticas pola miña conta. (Agora o alumnado que estea na sala debe tapar os oídos). Incrustaba un finísimo cristal de mentol puro nun cigarrillo e así xa lograba un pitillo fortemente mentolado; en fin... o de fumar era o peor daquela práctica: por ese lado non é nada recomendable. Era máis divertido cando eu collía un chisco de permanganato potásico e unha gota de glicerina (propanotriol, poñía o frasco da farmacia) e por simple contacto provocaba un vistoso lume de cores. Por non falar de cando poñía algunha mestura con xofre baixo unha pedra e, simplemente por impacto, lograba estoupar un petardazo que se oía nas Cuatro Calles. En fin, despois de tanto empeño por ensinarme química e de tanta ciencia experimental, a meu pai saílle... filólogo e escritor.

Quero rematar con dúas anécdotas docentes. Cando Fernández-Cid daba clase neste Instituto, o profesorado tamén tiña que pasar polo que hoxe chamamos impartir materias afíns. El resistíase pero ao final xa sabemos todos como acaba o conto: non queda máis remedio que aceptalo. O caso é que un ano obrigárono a impartir a materia de Agricultura; puxéronlle diante un libro de texto e un grupo de alumnos. A súa honradez e ética profesional non lle permitían avaliar uns alumnos que podían saber tanto coma el —ou incluso máis, se eran cuestións prácticas— de agricultura. Entón pactou un sistema de cualificación peculiar, que seguramente contará coa aprobación do alumnado aquí presente: cando un alumno era chamado para explicar algún tema, Fernández-Cid preguntáballe na aula a Suso Peña, o máis brillante alumno que el tivo neste Instituto (e, de paso lembro, a persoa a quen este centro con xustiza lle dedicou a lección inaugural e a fermosa Axenda escolar do curso pasado):

—Suso, que lle poñemos?

—Un oito, don Carlos.

E entón o rapaz levaba un oito.

Utilizar este heterodoxo sistema de cualificación era a súa discreta maneira de protestar contra unha decisión autoritariamente imposta e, desde logo, escasamente pedagóxica: dar clase do que un non sabe.

A segunda anécdota tamén gozará do asentimento do alumnado aquí presente. Eu comecei a traballar en 1983 no Instituto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, catro meses antes de que falecera meu pai. O primeiro fin de semana que vin a Ribadeo preguntoume que tal me ía como profesor. Díxenlle que ben, que no Rosalía só había alumnado feminino, que tiña case corenta alumnas por aula e que mesmo lles daba clase a alumnas que eran irmás...

—Alto!— interrompeume. —Espero que fagas como fixo teu pai no Instituto de Ribadeo: aínda que o merezan, nunca suspendas a dous irmáns. É demasiado desgusto na súa casa cando se reciben as notas. Aproba ao que estea máis cerca do cinco.

E eu... así procuro facer... cando se pode.

Réstame só dicir que eu non estudei nunca neste Instituto; fixen o bacharelato elemental (dos 10 aos 14 anos) na Academia Santo Tomás de Ribadeo e despois meu pai decidiu (en contra da opinión de miña nai, claro) que fixese o bacharelato superior (de 14 a 17 anos) no Instituto Masculino de Lugo. Daquela non me gustou nada esa decisión. Vista en perspectiva a experiencia, teño que dicir que me veu moi ben porque en Lugo contactei por primeira vez e coñecín dúas cousas que xa non abandonei na miña vida: a lectura diaria de varios periódicos e a afección aos concertos de música clásica. Ambas afeccións puideron cultivalas frecuentando a coñecida Sociedade Círculo das Artes da capital. Por fortuna, ao alumnado de Ribadeo destes tempos que corren xa non lle fai falta ir a Lugo para cultivar ningunha destas dúas tan recomendables afeccións, se é que as teñen, nin outras tan saudables coma estas, que están ao alcance de calquera curioso sen ter que saír hoxe en día de Ribadeo. Son outros tempos. Mellores, sen dúbida. Aproveitádeos.

Moitas grazas pola vosa atención. E feliz curso a todos os que estudades e traballades neste centro educativo.